

“Estou orgulloso da profesión que teño porque lle achegamos o noso gran de area á sociedade”



En vídeo

O veterinario Pau Pellarés traballa actualmente en Dairy Professionals e exerce como profesor asociado na Universidade de Barcelona. Elixiu esta profesión por vocación e neste novo número de #YoSoyCampo lembra os seus comezos, repasa anécdotas e comenta como ve o futuro do sector.

Como empezaches na veterinaria?

Nacín nunha familia que sempre viviu da gandería. O meu pai tiña vacas de leite, logo pasou a criar becerros de ceba. Recordo a miña infancia indo detrás dos animais e facéndolle as beiras a meu pai para que me deixase levar o tractor. Miña nai sempre me conta que, tras dar a luz, cando lle deron a alta do hospital xa paramos na granxa das vacas, é dicir, estiven antes na gandería que na miña casa. Como non me ía dedicar a isto?

Despois destes anos, seguro que coleccionas moitas anécdotas...

Si. Pasáronme moitas anécdotas; por exemplo, lembro a miña primeira cesárea. Por aquel entón, eu estaba de prácticas cun veterinario pola zona do Pireneo aragonés. Un día tívose que ir e deixoume á fronte de todo, coa boa ou mala sorte de que me chamaron para practicar unha cesárea. Cando cheguei á granxa, por dentro estaba morto de medo, pero por fóra tiña que aparentar profesionalidade, experiencia, tranquilidade... e lembrome que alí se atopaba medio pobo para ver a operación. Tal foi a presión que tiven que chamar a meu pai para que viñese darme apoio moral e falase cos gandeiros mentres eu me pelexaba coa vaca realizando a intervención.

Como é a túa rutina laboral?

O meu día a día como veterinario de campo céntrase na clínica. Visito as granxas, curo algunha patoloxía e ideo estratexias de prevención para que os animais non enfermen. Ademais, fago control reprodutivo, que consiste en realizar diagnósticos de xestación e establecer maneiras de traballo para que a reprodución sexa eficiente. Tamén me encargo da xestión técnica, que supón recoller unha

serie de índices nas granxas para ver onde mellorar e de que maneira facelo. Á parte, son profesor asociado na Universidade de Barcelona e é algo que me motiva bastante porque, ademais do puramente académico, creo que temos o rol de transmitirles os alumnos esa paixón que sentimos pola profesión, xa que moitas veces teñen unhas ideas preconcebidas que están lonxe da realidade e que son consecuencia de descoñecer o sector.

Que é o que máis che gusta do teu traballo?

Traballar no rural, o contacto coa natureza, cos animais e cos gandeiros, xa que ao final pasas tanto tempo nas visitas que acabas creando uns vínculos moi especiais con eles. Estou orgulloso da profesión que teño porque, a pesar de ser obxecto de críticas en moitas ocasións, creo que lle achegamos o noso gran de area á sociedade. Por un lado, colaboramos para que nos supermercados e nas tendas haxa alimentos de alta calidade e, por outro, axudamos as vacas e velamos polo seu benestar, previndo e curando patoloxías. En definitiva, contribuímos a manter o rural vivo.

A profesión ten que adaptarse aos tempos?

O futuro é irse adaptando ao que veña. Supoño que pronto veremos moitos cambios nas ganderías, porque as tecnoloxías cada vez irán avanzando máis e creo que poderían chegar a substituír algunhas das funcións que temos os veterinarios actualmente. Antes o traballo consistía en ir curar un animal e agora estamos máis orientados á prevención de enfermidades e a educar, formar e motivar os traballadores que hai nas granxas. Ademais, a presión das administracións e dos consumidores irá creando novos retos que a veterinaria terá que afrontar.



#YOSOYCAMPO

BY VIRBAC



Construyendo el futuro
de la salud animal

Virbac